



**CONVOCATORIA DE PROBA PARA UN CONTRATO EN PRÁCTICAS
NA CATEGORÍA LABORAL TÉCNICO ELECTRÓNICO EN CORPORACIÓN DE
RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

1. CATEGORÍA LABORAL

Técnico electrónico.

2. TIPO DE CONTRATO LABORAL

Contrato de traballo en prácticas.

3. DEFINICION DE CATEGORÍA LABORAL TÉCNICO ELECTRÓNICO

Exerce funcións, eminentemente prácticas, de construcción electrónica, mantemento, operación, explotación e inspección técnica. Colabora na planificación e desenvolvemento das instalacións da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Asiste tecnicamente os servizos da Corporación Radio e Televisión de Galicia e mantén no seu perfecto estado de funcionamento todo o material técnico dos centros de emisión. Ten iniciativa propia, debéndose axustar á normativa técnica existente, no tocante ó mantemento preventivo e ó asesoramento técnico.

4. REQUISITOS ACADÉMICOS

Posuír Ciclo Superior de Instalacións electrotécnicas, Ciclo Superior de Desenvolvemento de produtos electrónicos, Ciclo Superior de Equipos electrónicos de consumo, Ciclo Superior de Sistemas de regulación e control automáticos ou Ciclo Superior de Sistemas de telecomunicación e informáticos.

Os/as aspirantes deberán posuír o requisito académico solicitado en data non posterior á da data de finalización de inscrición neste proceso selectivo.

O tribunal pode solicitar a acreditación dos requisitos durante este proceso de selección.

5. CONDICIÓNNS DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS

Os/as aspirantes deberán cumplir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberán traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

Ser menor de trinta anos ou, de non ser así, que non transcorren máis de cinco anos desde a obtención do título requerido, sete no caso de minusvalía por riba do 33%.

Ningún traballador/a poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Tampouco se poderá estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a dous anos, áñda que se trate de distinta titulación. Así mesmo, os aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.

O período de proba será dun mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos.

A retribución do/a traballador/a será, segundo convenio colectivo vixente, do 70% do salario fixado na categoría laboral para o primeiro ano e do 85% para o segundo.

6. TRIBUNAL

Jesús Argibay Valiñas, Xefe do Servizo técnico da CRTVG.

Juan Gómez Herrera, Técnico electrónico de primeira da CRTVG.

María Xesús Vázquez López, asesora lingüista da CRTVG.

Paulino Novo Folgueira, Xefe de Formación, selección e coordinación lingüística da CRTVG.

7. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL

Os membros do tribunal comprométense a garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente se comprometen a garantir o segredo das probas.

Os membros do tribunal reciben copia do art. 28.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se elabore a listaxe de inscritos.

Os membros do tribunal comprométense a publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na internet da CRTVG (www.crtvg.es/crtvg/oficina/emprego-e-practicas/ofertas-emprego) e na páxina web de FP da Xunta de Galicia.

Os membros do tribunal comprométense a garantir a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, se for o caso.

O lingüista encargarase de poñer as probas de coñecemento de lingua galega e de valoralas en exclusividade. O resto de membros do tribunal encargaránse de poñer as probas de desenvolvemento teórico e práctico, e de puntuais. O secretario non participará na elaboración das probas nin as puntuará.

8. INSCRICIÓN

Para a inscrpción, os/as aspirantes deberán entregar en Recursos Humanos da CRTVG da súa sede en San Marcos ou enviar ó endereço proceso.seleccion@crtvg.es un *curriculum vitae* indicando claramente:

1. Que é para este proceso de selección.
2. Nome completo.
3. D.N.I.
4. Data de nacemento.
5. Teléfono e/ou e-mail de contacto.
6. Posesión do requisito académico solicitado.
7. Data de obtención do requisito académico solicitado.
8. Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía acreditada igual ou superior ó 33% deberán facer constar se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.

O prazo de inscrpción remata o 4 de febreiro de 2016.

9. PROBAS

Ás probas poderanse presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos.

As probas realizaranse o día 12 de febreiro de 2016, na sede da Corporación de Radio e Televisión de Galicia en San Marcos, Santiago de Compostela, ás 10:00 h. Os aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG.

A valoración de coñecementos farase a través de:

- Proba teórica tipo test (40%). As preguntas erradas terán penalización de cuarto de punto.
- Proba práctica (60%).
- Proba de coñecemento de lingua galega.

Proba teórica

A proba teórica consistirá nunha proba tipo test na que entrarán as seguintes materias:

- Tecnoloxía electrónica.
- Son: Audio analóxico e dixital.
- Colorimetría e óptica. Nocións básicas.
- O sinal de vídeo e televisión.
- Captación, control e presentación da imaxe de tv.
- Equipos, medidas e control do sinal de vídeo, audio e tv.
- Informática (software). Sistemas operativos.

Proba práctica

A proba práctica consistirá nun suposto ou supostos que permitan demostrar o manexo de equipos de medida de sinal de vídeo, e coñecemento de conexiónado de equipamento técnico.

Proba de lingua galega

Os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado CELGA 4 non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. A proba de coñecemento de lingua galega terá un grao de dificultade consonte ó programa do certificado CELGA 4, e as súas cualificacións serán únicamente de apto ou de non apto. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso.

Se se dese o caso, a posesión do certificado CELGA 4 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

10. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATE

En caso de empate, por haber nesta categoría laboral infrarrepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate: 1) A favor da aspirante do sexo feminino. 2) A favor do/a aspirante que tivese maior puntuación na proba práctica. 3) A favor do/a aspirante de maior idade.

11. ACCESO Ó POSTO DE TRABALLO

Os/as aspirantes deberán cumplir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberán traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

Os/as aspirantes seleccionados deberán presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos, e informe de vida laboral.

Os/as aspirantes deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Corporación de Radio

e Televisión de Galicia poderá esixir ós aspirantes seleccionados someterse a recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.


12. PROTECCIÓN DE DATOS

Ós efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter persoal, informámolo de que os datos dos participantes no presente proceso selectivo serán incorporados nun ou varios ficheiros, titularidade da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, con sede en Bando - San Marcos s/n, 15820 Santiago de Compostela, onde os seus titulares poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo ó Servizo de Informática solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

A finalidade do tratamento dos devanditos datos, incluídos no seu caso os relativos á saúde, é a xestión do rexistro de solicitudes, a cualificación das probas que poderán comportar a captación de imaxes mediante gravacións, a avaliación dos candidatos e a confección do banco de datos para este ou futuros procesos selectivos, segundo o especificado no convenio colectivo vixente. Así mesmo, os datos básicos identificativos dos participantes poderán ser comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na web corporativa da CRTVG aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, así coma ós representantes dos traballadores e ós organismos públicos competentes.

Ós/ás aspirantes daráselles unha folla de consentimento de tratamiento de datos.

En Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2016.



Asdo.: Paulino Novo Folgueira
Xefe de Formación, Selección e Coordinación Lingüística